

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15014738	CPI Plurilingüe dos Dices	Rois	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Música e danza	5º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	16
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	16
6. Medidas de atención á diversidade	17
7.1. Concreción dos elementos transversais	18
7.2. Actividades complementarias	18
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	19
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	20
9. Outros apartados	20

1. Introducción

A presente Programación Didáctica está enmarcada no "Decreto 155/2022 do 15 de setembro polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia" e o seu obxectivo é desenvolver e adaptar á realidade deste centro os preceptos neste recollidos.

Nese senso, neste apartado esta programación remítese en primeira instancia ao reflectido na propia Introducción do Decreto na área e materia de Música e Danza, a cal, como se pode comprobar organizábase arredor de dous eixes respectivamente:

- percepción e análise
- creación e interpretación

Ademais da transversalidade que caracteriza esta materia para todas e cada unha das áreas desta etapa, a presente PD está pensada para poder traballar conxuntamente xunto coa outra materia de ámbito artístico deste centro: Educación Plástica e Visual.

O CPI dos Dices atópase no lugar de Os Dices, no Concello de Rois. Este centro está enmarcado nun contorno esencialmente rural, o alumnado vive, maioritariamente, en núcleos de poboación moi pequenos e dispersos ao longo do Concello. As principais vilas da contorna son Padrón, Noia e Santiago onde as familias se desprazan a facer compras e realizar xestións.

A dispersión condiciona o feito de que, en moitos casos, as únicas manifestacións culturais ás que ten acceso o alumnado son aquelas que se organizan ou promoven dende o propio centro escolar.

Os recursos económicos das familias da contorna proceden, en xeral, de traballos derivados do campo (agricultura e gandería), ou do traballo nunha das industrias da zona. O nivel económico das familias pode catalogarse como medio. A porcentaxe de persoas con estudos superiores no Concello era minoritaria, situación que vai cambiando e cada vez son máis os alumnos e alumnas que optan por continuar estudos superiores, principalmente en Padrón, Noia ou Santiago.

A configuración xeográfica do Concello fai que o alumnado teña que facer percorridos considerablemente longos no transporte escolar e dificulta que as familias utilicen habitualmente recursos municipais como a Biblioteca ou a Aula de Informática; así como que os nenos e nenas teñan relación cos seus compañeiros e compañeiras máis alá do horario escolar.

A área de Música e Danza trata de traballar aspectos básicos para a educación integral do neno/a, a partir desta premisa comenzamos a programar. Esta tarefa é necesaria porque temos que organizar axeitadamente un proceso complexo, cun grupo de persoas nun tempo definido, e para acadar, como resultado eticamente ineludible, determinados obxectivos de aprendizaxe.

Terase en conta que o proceso de ensino-aprendizaxe da música, conducido no nivel da etapa primaria, consiste, primordialmente, nun traballo de musicalización. O obxectivo non é o virtuosismo musical, a portentosidade artística nin a especialidade científica. Asemade, a educación musical comezará polo máis próximo ao neno/a, ao mundo dos sons, e continuará a través do entorno inmediato que os nenos/as poden percibir.

O alumnado de educación primaria debe educarse como intérprete, auditor e receptor de música, como realizador expresivo e creativo, así como coñecedor dos rudimentos da técnica e da linguaxe musical.

Entenderase a música como un recurso e unha vía para facilitar a educación global do alumnado debido á significatividade da linguaxe musical.

Esta programación é un produto vivo, aberto e alterable segundo á práctica, como calquer esquema teórico de traballo; polo tanto admitirase certa flexibilidade para poder atender diversas necesidades que vaian xurdindo ao longo do curso.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir propostas artísticas musicais e dancísticas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.		3	1	1	3	1	2	1-2
OBX2 - Recoñecer os elementos básicos específicos da linguaxe musical, a través da percepción e da análise de diferentes fragmentos e obras, para chegar á comprensión das diferentes manifestacións culturais e artísticas.								2-4
OBX3 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais e dancísticas e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.	3	3	2	1	4	3		1-2
OBX4 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, do corpo e dos medios dixitais, para producir obras propias.	1			2	1-5	2	1	3-4
OBX5 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas musicais e dancísticas, tanto individuais como colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.	1-5	3	3			2	1-3	3-4

Descrición:
3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A arte da música	Os contidos da unidade teñen por obxecto poñer o foco na música coa importancia que se lle outorgaba xa desde a antigüidade clásica en relación coas demais artes. Preséntanse as musas, ás cales os gregos consideraban protectoras e inspiradoras das artes e cuxo nome é a orixe da palabra música; ademais, o estudo do son e o silencio, como materia prima	15	6	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A arte da música	desta arte, será a célula da que parten as demais actividades.	15	6	X		
2	A música, a escena	Unha vez presentada a música como a máis especial das artes, imos considerala asociada ás outras artes nas seguintes unidades. Nesta unidade, música e escena mostran a fascinación coa que lograron reunir, desde antigo, a todo tipo de público, do máis culto ao máis popular; pero sempre, convocados pola mesma paixón: a que xorde de combinar o poder da música, a palabra e o teatro. Sumado o potencial das tres, o resultado é espectacular.	20	7	X		
3	Sons de cores	A relación que garda a música coa pintura é o eixe en torno ao que xiran os contidos da unidade. Ambas as dúas teñen en común a influencia da forma e os matices para enriquecer todo o seu potencial expresivo. O contraste é un elemento que, ao igual que na pintura, lle achega á música un atractivo engadido. A arte de manexar as distintas gradacións de intensidade do son e a adecuada elección de timbres instrumentais achegan o músico co pintor.	15	5		X	
4	O ritmo que nos move	As principais correntes pedagóxicas en educación musical coinciden na vivencia da música mediante a experiencia física. Dalcroze establece o vínculo tan profundo que posúen o ritmo e o movemento corporal. A experiencia musical, por medio do movemento e a danza, adoita ser o camiño máis curto para espertar nas persoas sentimentos e emocións que puidesen estar adormecidos. O corpo pode ser unha escultura viva chea de beleza cando é levado pola música.	20	7		X	
5	Concerto de palabras	A música e a palabra conteñen unha gran forza expresiva. Cando unha acompaña outra poden converterse nun manancial de emocións. Ao longo dos séculos fóronse sucedendo mostras da comunión de música e literatura; a música impulsando a palabra; a entoación, ao servizo da arte de contar historias. Deste modo cobra relevo a figura do cantautor, verdadeiro especialista en transmitir a emoción que xorde da unión da literatura e a música.	15	5			X
6	Arquitecto dos sons	A última unidade mostra a relación que garda a música coa arquitectura. Partimos da arte que albergan os monumentos das cidades, verdadeiras obras arquitectónicas. A partir dese coñecemento previo, mostramos a obra musical. Cada vez que se interpreta un concerto é o resultado dun	15	5			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	Arquitecto dos sons	traballo artístico no que conflúen persoas e elementos materiais cuxas achegas conseguen que poida ser gozado. En ambas dúas, o deseño da súa estrutura mostrará a súa forma.	15	5			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A arte da música	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar visual e auditivamente, clasificar, describir e representar elementos da música e da linguaxe musical.	Identifica visualmente e representa: redonda, branca, negra (con puntiño e silencios), dobre corchea, 4 semicorcheas; barras divisoria, final e repetición; clave sol, comp. 2/4, 3/4 e 4/4.	PE	15
CA1.1 - Distinguir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Descobre os diferentes subxéneros da música tradicional galega e elabora un listado con estes, engadindo algunha característica básica de cada un. Asocia os instrumentos á familia correspondente.	TI	85
CA1.7 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas musicais e mostra unha actitude positiva.		
CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas musicais, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance, mostrando confianza nas propias capacidades e perfeccionando a execución.	Expresa, verbalmente e por escrito, os sentimentos e emocións experimentados trala interpretación de pequenas obras musicais seleccionadas.		
CA2.3 - Utilizar elementos da linguaxe musical para interpretar propostas musicais vocais e instrumentais sinxelas a través da vivencia destes.	Toca nun instrumento PAI certos patróns rítmicos: (negra + dobre corchea).		
CA3.1 - Distinguir propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Identifica o ritmo dos desprazamentos da danza e reacciona aos cambios.		
CA3.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas de respecto de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas e mostra unha actitude positiva.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas escénicas e performativas, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance, mostrando confianza nas propias capacidades e perfeccionando a execución.	Expresa, verbalmente e por escrito, os sentimentos e emocións experimentados trala interpretación das coreografías seleccionadas.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades escénicas e performativas e mostra unha actitude positiva.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de recepción activa. - O son e as súas calidades: identificación visual e auditiva, clasificación e representación de diversidade de sons e estruturas rítmicas e melódicas a través de grafías convencionais e non convencionais. - Aproximación aos principais xéneros musicais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición. - Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación, improvisación e composición con pautas guiadas a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. - Linguaxes musicais: aplicación dos seus conceptos fundamentais na interpretación e na improvisación guiada de propostas musicais vocais e instrumentais. O silencio como elemento fundamental da música: utilización adecuada na interpretación musical. - Estratexias de recepción activa. - Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - O corpo e as súas posibilidades motrices, dramáticas e creativas: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral como medio de expresión e diversión. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática

UD	Título da UD	Duración
2	A música, a escena	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Describir manifestacións culturais e artísticas musicais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións entre elas, valorando a diversidade que as xera, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical, e empregando o vocabulario específico destas.	Descobre diferentes mostras de músicas representativas doutros lugares do mundo e elabora unha ficha sobre unha destas, incluíndo a descrición e o instrumento que máis lle chamou a atención.	TI	100
CA1.5 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas musicais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios.	Realiza algún tipo de análise sobre as manifestacións culturais e artísticas musicais propostas.		
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Toca na frauta as notas do-si; si bemol; do-sol agudos. Improvisa no xilófono (escala pentatónica) sobre unha base musical.		
CA2.4 - Planificar e deseñar producións culturais e artísticas musicais colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Participa en grupo na creación dunha composición musical (mín.: 4 comp. de 2/4, 3 de 3/4 ou 2 de 4/4) para un conxunto de mín. 3 instrumentos PAI e 2 de PAD.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades musicais e mostra unha actitude positiva.		
CA3.3 - Seleccionar e aplicar estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas a través de diversas canles e medios de acceso, de forma individual e colaborativa.	Realiza un traballo individual en arquivo de presentación LibreOffice sobre algún dos bailes vistos ao longo do curso.		
CA3.5 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Valora e comprende as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas.		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Participa grupalmente nunha danza.		
CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da expresión corporal e diferentes técnicas artísticas.	Participa en grupo nun conto musical creado ao que este lle engade a creación de efectos con diferentes instrumentos e a dramatización deste, para ser interpretado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Profesións vinculadas á creación e interpretación musical. Coñecemento e valoración.

Contidos

- A voz e os instrumentos musicais. Familias e agrupacións máis representativas. Clasificación e comprensión da natureza da produción sonora en cada tipo. Identificación visual e auditiva. Instrumentos tradicionais na música galega. Instrumentos dixitais. Aproximación a instrumentos non convencionais e exóticos. Instrumentos caseiros.
- Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.
- Recursos dixitais de uso común para música.
- Aplicacións informáticas de gravación, edición de audio e edición de partituras: utilización guiada na audición, coñecemento, interpretación, gravación, reprodución, improvisación e creación de obras diversas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.
- Manifestacións vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.
- Recursos dixitais de uso común para as artes escénicas e performativas.
- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Técnicas básicas dramáticas e dancísticas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. Nocións elementais de biomecánica. Linguaxes expresivas. Introducción aos métodos interpretativos. Experimentación con actos performativos. Improvisación guiada e creativa. Interese, práctica e confianza nun mesmo.
- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación.

UD	Título da UD	Duración
3	Sons de cores	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar visual e auditivamente, clasificar, describir e representar elementos da música e da linguaxe musical.	Identifica visualmente e describe ligadura de unión, matices (ff, f, p, pp), dinámicas (cresc., dim.), tempo (lento, andante, allegro; Acell., Rit.) e articulación (picado, ligado).	PE	20
CA1.6 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Valora e comprende as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais.	TI	80
CA2.3 - Utilizar elementos da linguaxe musical para interpretar propostas musicais vocais e instrumentais sinxelas a través da vivencia destes.	Le e interpreta liñas rítmicas de ata 4 compases de 2/4, 3 de 3/4 e 2 de 4/4: redonda, branca, negra (cos seus puntiños e silencio -agás puntiño na negra-, dobre corchea e 4 semicorcheas).		
CA2.6 - Compartir os proxectos creativos musicais, empregando diferentes estratexias comunicativas a través de diversos medios e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Explica o proceso, dificultades atopadas e resultado final da composición do traballo realizado.		

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios.	Realiza algún tipo de análise sobre as manifestacións culturais e artísticas musicais propostas.		
CA4.3 - Planificar e deseñar producións culturais e artísticas escénicas e performativas colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Participa en grupo na creación e interpretación dunha coreografía (dalgunha obra ou canción elixida libremente) cuxos pasos se reflictan nun traballo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O tempo, o carácter e a dinámica: identificación e descrición. - Vocabulario específico de música. - Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación, improvisación e composición con pautas guiadas a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. - Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación. - Estratexias básicas de análises de propostas escénicas e performativas desde unha perspectiva de xénero. - Capacidades expresivas e creativas básicas da expresión corporal e dramática. Gozar como forma de interacción social, recurso expresivo e emotivo e deleite estético.

UD	Título da UD	Duración
4	O ritmo que nos move	7

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Distinguir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Descobre músicas que se bailaban dende antes do Renacemento até o Romanticismo e elabora un listado con estas, engadindo a/s época/s e a procedencia. Recoñece algúns tipos de agrupacións. 7		
CA1.4 - Seleccionar e aplicar estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas musicais a través de diversas canles e medios de acceso, de forma individual e colaborativa.	Realiza un traballo individual sobre a música popular.	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas musicais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe musical e diferentes técnicas artísticas.	Interpreta e acompaña coa frauta e con percusión corporal o conto musical.		
CA3.2 - Describir manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas explorando as súas características con interese, establecendo relacións entre elas, valorando a diversidade que as xera, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación escénica e performativa, e empregando o vocabulario específico destas.	Descobre diferentes mostras de danzas representativas doutros lugares e elabora unha ficha sobre unha delas, incluíndo descrición e o paso ou característica que máis lle chamou a atención.		
CA3.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas de respecto de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas e mostra unha actitude positiva.		
CA4.5 - Compartir os proxectos creativos escénicos e performativos empregando diferentes estratexias comunicativas a través de diversos medios e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Explica o proceso, dificultades atopadas e resultado final da creación para o conto musical.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de recepción activa. - O pulso, o acento e o compás: identificación e diferenciación entre compás binario, ternario e cuaternario. Introducción ao concepto de subdivisión. - A melodía e a forma musical. Repetición e variación melódica. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición. - Aproximación ao uso responsable de bancos de imaxes e sons: respecto ás licenzas de uso e distribución de contidos xerados por outros. Plaxio e dereitos de autor. - Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais. - Elementos da representación escénica. Roles, materiais e espazos. Teatralidade. Estrutura dramática básica. - Vocabulario específico das artes escénicas e performativas. - Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.

UD	Título da UD	Duración
5	Concerto de palabras	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Describir manifestacións culturais e artísticas musicais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións entre elas, valorando a diversidade que as xera, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical, e empregando o vocabulario específico destas.	Descobre diferentes mostras de músicas representativas doutros lugares do mundo e elabora unha ficha sobre unha destas, incluíndo a descrición e o instrumento que máis lle chamou a atención.	TI	100
CA1.5 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas musicais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios.	Realiza algún tipo de análise sobre as manifestacións culturais e artísticas musicais propostas.		
CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas musicais, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance, mostrando confianza nas propias capacidades e perfeccionando a execución.	Expresa, verbalmente e por escrito, os sentimentos e emocións experimentados trala interpretación de pequenas obras musicais seleccionadas.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades musicais e mostra unha actitude positiva.		
CA3.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios.	Realiza algún tipo de análise sobre as manifestacións culturais e artísticas musicais propostas.		
CA4.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas escénicas e performativas, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance, mostrando confianza nas propias capacidades e perfeccionando a execución.	Expresa, verbalmente e por escrito, os sentimentos e emocións experimentados trala interpretación das coreografías seleccionadas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A voz e os instrumentos musicais. Familias e agrupacións máis representativas. Clasificación e comprensión da natureza da produción sonora en cada tipo. Identificación visual e auditiva. Instrumentos tradicionais na música galega. Instrumentos dixitais. Aproximación a instrumentos non convencionais e exóticos. Instrumentos caseiros. - Estratexias básicas de análises de propostas musicais desde unha perspectiva de xénero. - Construción de obxectos sonoros e instrumentos e exploración das súas posibilidades sonoras para o seu uso expresivo. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical. - Profesións vinculadas ás artes escénicas e performativas. Coñecemento e valoración.

Contidos
- Técnicas básicas dramáticas e dancísticas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. Nocións elementais de biomecánica. Linguaxes expresivas. Introducción aos métodos interpretativos. Experimentación con actos performativos. Improvisación guiada e creativa. Interese, práctica e confianza nun mesmo.

UD	Título da UD	Duración
6	Arquitecto dos sons	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Seleccionar e aplicar estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas musicais a través de diversas canles e medios de acceso, de forma individual e colaborativa.	Realiza un traballo individual en arquivo de texto LibreOffice sobre: familias de instrumentos, agrupacións musicais e as voces.	TI	100
CA1.7 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas musicais e mostra unha actitude positiva.		
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Interpreta e acompaña coa frauta e con pequena percusión a partitura proposta atendendo á forma.		
CA2.4 - Planificar e deseñar producións culturais e artísticas musicais colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Participa en grupo na creación dunha composición musical (mín.: 4 comp. de 2/4, 3 de 3/4 ou 2 de 4/4).		
CA3.5 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Valora e comprende as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas.		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Realiza cantando unha danza en grupo propoñendo e guiando a fórmula rítmica da pregunta-resposta.		
CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da expresión corporal e diferentes técnicas artísticas.	Participa en grupo nun conto musical creado ao que este lle engade a creación de efectos con diferentes instrumentos e a dramatización deste, para ser interpretado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.
- Aproximación aos principais xéneros musicais.

Contidos

- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.
- Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación, improvisación e composición con pautas guiadas a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural.
- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación.
- Manifestacións vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.
- O corpo e as súas posibilidades motrices, dramáticas e creativas: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral como medio de expresión e diversión.
- Aproximación ao uso responsable de bancos de imaxes e sons: respecto ás licenzas de uso e distribución de contidos xerados por outros. Plaxio e dereitos de autor.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía empregada tenderá á adquisición de aprendizaxes significativas, polo que é preciso que os contidos sexan coherentes desde un punto de vista obxectivo co nivel evolutivo e madurativo do alumnado. Polo tanto, todas as programacións que se plantexen a partir destas concrecións serán flexibles para poder adaptarse a todo o tipo de alumnado.

As diferentes UD permitirán, no seu conxunto, o traballo da totalidade dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais, dos obxectivos da etapa e están pensadas para a consecución do logro de cada un dos criterios de avaliación (CA) establecidos, ou, alomenos, os mínimos de consecución correspondentes, así como para a progresiva adquisición das competencias clave correspondentes de cara ao perfil de saída do alumnado ao remate da educación primaria.

Na etapa de educación primaria as áreas deberán estar relacionadas e os contidos impartidos nelas deben ter conexión, o profesorado deberá estar coordinado e programar globalmente, o que favorecerá que os alumnos perciban as aprendizaxes como parte dun todo, relacionadas, cohesionadas e con coherencia. Partirase de estilos de ensino que favorezan a busca, a indagación e a investigación, implicando aspectos mentais nas execucións. O descubrimento guiado ou a resolución de problemas baseándose en propostas motrices levará os alumnos a investigar, razoar e chegar a unha ou varias posibles solucións.

Por todo iso, a metodoloxía a empregar na etapa será:

- Priorizar as aprendizaxes básicas e os contidos máis relevantes para acadar as competencias.
- Impartir os contidos de xeito integrador para promover a integración.
- Dotar ós contidos de funcionalidade para que sexan aplicados en diferentes contextos.
- Procurar que o alumnado aprenda a aprender, usando distintas estratexias de aprendizaxe para ser progresivamente máis autónomo.
- Promover o traballo cooperativo, a participación activa e a resolución de conflitos.
- Fomentar estratexias autónomas de busca de información: dicionario, internet...
- Atender á diversidade do alumnado da aula.
- Ter en conta os centros de interese do alumnado á hora de realizar actividades.
- Empregar recursos variados (videos, ordenador, exposicións, obras teatrais, excursións...) para impartir os distintos contidos de xeito motivante para o alumnado.
- Adaptarse ós diferentes ritmos de aprendizaxe dos alumnos.

Ademais do anterior, forma parte da metodoloxía:

* A agrupación dos alumnos:

O agrupamento dos alumnos ten como finalidade garantir que todos os alumnos aprendan e consigan os obxectivos

educativos marcados.

A diversidade de agrupamentos proporciona un mellor aproveitamento das actividades escolares e constitúe un instrumento de adecuación metodolóxica ás necesidades dos alumnos.

Realízase atendendo principalmente ao criterio cronolóxico e ao equilibrio numérico dos grupos, pero tamén se teñen en conta outros factores. Partimos da observación real dos alumnos e alumnas e da predición das súas necesidades. Os nenos/as estarán agrupados de forma preferentemente mixta, e sempre procurando a maior socialización posible. O agrupamento variará dependendo da actividade a desenvolver.

* A organización dos espazos:

Os nenos/as estarán dispostos arredor da aula nas actividades de práctica instrumental, danza e canto (exercicios de respiración e relaxación).

* A organización dos tempos:

As sesións terán tres partes claramente diferenciadas. A primeira delas, consistirá nunha introdución (xeralmente cun patrón rítmico dado que estará integrado na canción que se traballará posteriormente); logo pásase á parte instrumental propiamente dita na que desenvolverase unha canción axeitada ao seu nivel interpretativo; e finalmente, acabárase cunha actividade de audición, de escritura ou explicación relativa á linguaxe musical, todo relacionado co visto nas dúas partes anteriores.

Tipoloxía de actividades

O tipo de actividade varía en función do curso, pero en cada sesión haberá tres partes claramente diferenciadas. A primeira actividade trátase dunha introdución (xeralmente traballando os niveis de percusión corporal); a segunda actividade tratará sobre o desenvolvemento dunha canción, obra ou exercicio interpretativo; e a terceira consistirá nunha actividade na que se pretende voltar á calma.

Empregaranse diversas metodoloxías de diferentes pedagogos musicais como son Orff, Kodaly, Willems, Wuytack, etc., polo que terase en conta a participación, a creatividade, a imaxinación e o carácter lúdico, características recollidas nas citadas metodoloxías.

En definitiva, trátase de aprender música facendo música.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Instrumentos escolares de PAD e PAI
Teclados
Musicogramas e partituras
Frauta doce
Proxector e encerado dixital
Libros CD, libros de consulta, CDs
Audicións, vídeos e recursos de internet como complemento da actividade educativa.
Equipo de música e altofalante portátil

Neste centro, cóntase con variados e suficientes instrumentos PAI e PAD, o cal permite que todo o alumnado poida tocar á vez sen necesidade de ter que establecer quendas rotatorias.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Revisados os informes individualizados do alumnado, levarase a cabo unha serie de probas co fin de coñecer o punto de partida; de especial interese é a información deste ampliada por parte das persoas titoras de infantil do curso anterior ao ser posible unha reunión presencial con estas dado que continúan no equipo docente do centro.

Esta avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras 3 ou 4 sesións, para poder establecer uns criterios claros do nivel mínimo da clase en xeral, e de cada alumna/o en particular. Neste eido cómpre ter en conta:

-alumnado do centro, do cal a persoa docente desta materia é máis coñecedora ao formar parte do equipo docente de infantil o curso anterior

-alumnado de nova incorporación, do cal só hai referencias previas dos informes individualizados

Dita serie de probas consistirán na execución guiada dunha selección específica de xogos/exercicios/cançons que traballen os aspectos vocal, corporal e motriz e cuxa observación directa será reflectida nun rexistro; ao mesmo tempo, rexistraranse aspectos como a capacidade de recepción, comportamento, actitude, etc.

A partir do conxunto de datos obtidos do anteriormente citado tratarase co DO (ou alomenos comunicaranse, e a través da titoría, aquelas medidas que xa pode realizar e/ou realizará a persoa docente na aula, como por exemplo un reforzo dentro desta ou unha atención máis individualizada); de ser posible e/ou necesario sería importante e interesante que esta xuntanza fose xunto coa persoa titora e co resto de equipo docente da aula para poder convir o modo de intervención daquelas posibles dificultades atopadas, especialmente das que precisen persoal docente adicional e/ou solicitude ao DO.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	20	15	20	15	15	100
Proba escrita	15	0	20	0	0	0	5
Táboa de indicadores	85	100	80	100	100	100	95

Criterios de cualificación:

A meirande parte dos CA da presente PD serán avaliados por medio dunha táboa de indicadores, da cal se levará un rexistro cunhas escalas de valoración/rúbrica, pois un grande número delas son de observación.

A meirande parte dos Criterios de Avaliación da presente programación didáctica serán avaliados por medio dunha táboa de indicadores pois un grande número delas son de observación.

1. O 80% da cualificación corresponderase coa valoración dos seguintes aspectos:

- Actividades diarias: fichas, práctica instrumental e vocal, xogos e danzas sinxelas.
- Achega do material e coidado do mesmo.
- Probas orais e/ou escritas.

2. O 20% da cualificación valorará o esforzo, a atención e o interese, restante correspóndese coa realización de probas, orais e/ou escritas.

A nota trimestral, no tocante o que ás UD se refire, será a seguinte:

- 1º trim.: UD1 50% + UD2 50%
- 2º trim.: UD3 50% + UD4 50%
- 3º trim.: UD5 50% + UD6 50%

O 100% da nota da avaliación final obterase do xeito seguinte:

- 1º trim. 25%
- 2º trim. 35%
- 3º trim. 40%

A nota trimestral, no tocante o que ás UD se refire, será a seguinte:

- 1º trim.: UD1 50% + UD2 50%
- 2º trim.: UD3 50% + UD4 50%
- 3º trim.: UD5 50% + UD6 50%

O 100% da nota da avaliación final obterase do xeito seguinte:

- 1º trim. 25%
- 2º trim. 35%
- 3º trim. 40%

Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que non tivese acadado os mínimos de consecución de cada CA ó final de cada UD poderá recuperalos ao final de cada trimestre. Isto terá lugar cara a segunda semana de decembro, marzo e xuño, respectivamente. Neste centro, de ser este o caso, o procedemento será o seguinte:

-Comunicación disto á familia (e paralelamente á persoa docente titora mediante correo electrónico) a través da axenda do alumnado e/ou do Abalar. Nesta especificarase aquel/es mínimo/s de consecución que se precisa/n acadar, o que corresponda para tal fin (e sempre en concordancia co instrumento de avaliación correspondente reflectido na presente PD: p. ex. repetición dun traballo e/ou parte deste e/ou dunha interpretación instrumental, etc.).

-Ademais, de especial importancia e interese resultará trasladar esta información ao alumnado: isto farase de xeito individual e entregándolle unha folla que recollerá o que precisa realizar para acadar ese/s mínimo/s de consecución, explicándolle isto verbalmente e resolvéndolle as posibles dúbidas ao respecto.

Se este/s mínimo/s de consecución non fose/n acadado/s trimestralmente isto poderá ser recuperado de cara á avaliación final. De ser así cómpre diferenciar entre dous aspectos:

-Se se trata de algo máis ben específico (por ex.: un traballo a entregar) seguirá o mesmo procedemento referido anteriormente e terá lugar durante a primeira quincena de xuño.

-Se se trata dun aspecto de adquisición meramente progresivo (por ex.: coñecementos de linguaxe musical ou cuestións técnicas interpretativas) que non foi quen de superar anteriormente pero si no último trimestre darase isto por superado

6. Medidas de atención á diversidade

Esta programación tamén pretende tratar axeitadamente os casos que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, tales como necesidades específicas de apoio educativo, dificultades específicas de aprendizaxe, altas capacidades intelectuais, alumnado que se incorpora tardiamente ao sistema educativo, ou alumnado con condicións persoais particulares.

No ámbito da educación musical a atención á diversidade pode partir das actividades cotiás, con vistas a obter datos sobre a forma na que se manifesta o alumnado e establecer, a través da correspondente avaliación inicial ou diagnóstica, as súas aptitudes e carencias.

En función das necesidades do alumnado poderase precisar: unha adaptación dos recursos materiais, tales como baquetas e instrumentos, así como de ubicación e colocación da aula (como nunha discapacidade de índole visual); ou ben unha alteración dos elementos do currículo (reformulación dos obxectivos co que supón de adaptación dos

contidos e dos criterios de avaliación).

Tódalas necesidades específicas de apoio educativo trataranse de modo personalizado, facendo especial fincapé nas de carácter auditivo ao ser este un dos aspectos que máis se traballa na materia de Educación Musical. As principais medidas gardan relación coa ubicación no espazo (diante da clase para poder escoitar coa maior precisión posible, e incluso mantendo o contacto coas vibracións dos altofalantes ou amplificadores por onde sae o son a escoitar).

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos			X			
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible					X	
ET.9 - Educación para a saúde	X	X	X	X	X	X

Observacións:

Os elementos transversais, eiqú numerados, 1-6 e 9 trabállanse con regularidade no propio traballo de cada UD, ben sexa coas rutinas ou coas diferentes actividades que desenvolven os contidos.

O elemento transversal 7 traballarase, de xeito especial, a través da conmemoración do Día da Paz e non Violencia.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Festival de Nadal	Concerto de todo o centro (con coreografías e interpretación musicais do alumnado) no auditorio do Concello.			

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Festival fin de curso	Concerto de todo o centro (con coreografías e interpretación musicais do alumnado) no auditorio do Concello.			

Observacións:

Terase en conta a posibilidade de que ao longo do curso se fagan algunhas saídas a concertos ou actividades artísticas organizadas polo Concello ou outras entidades

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuouse o deseño das UD ás características e necesidades do alumnado.
Aportouse información ao persoal docente titor.
Funcionalidade da PD: revisouse ao longo do curso e foi práctica e útil para acadar os obxectivos propostos.
Cumpríuse a temporalización inicialmente establecida.
A persoa docente empregou as metodoloxías reflectidas na PD.
Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
Leváronse a cabo as medidas de atención á diversidade e foron efectivas.
Máis do 80% do alumnado superou a materia.
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado
Apoiouse a implicación das familias no traballo do alumnado.

Descrición:

En liñas xerais farase un seguimento trimestral para a comprobación dos indicadores de logro.

De cara a reflectir a comunicación realizada da información ao persoal titor será suficiente con que este último así o faga constar nas correspondentes actas de ciclo e/ou en cada unha das actas posteriores á Xunta de Avaliación trimestral; neste centro a comunicación da información será, polo xeral, a través dunha pequena xuntanza, podendo ampliarse esta a través de comunicación electrónica.

Para medir a consecución da participación activa de todo o alumnado e o apoio de implicación das familias no traballo do alumnado reflectirase o índice destes no rexistro diario de aula.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Tralo remate de cada trimestre revisarase a PD. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:

1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:

- Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
- No tocante ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.
- Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
- Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Análise da situación no tocante ás dificultades atopadas no alumnado:

Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo.

Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo propostas de mellora.

Accións de mellora:

- Ofrécese ao alumnado as explicacións individualizadas.
- Elaboración de actividades atendendo ás dificultades mostradas.
- Probas de avaliación de distinta dificultade.
- Comentar co alumnado os fallos máis significativos dos traballos realizados.

En función do anterior:

- Revisión das necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, ACS, etc.)

3. Actividades complementarias (realizadas ou non).

A avaliación dos datos recollidos farase mediante o cadro referido no apartado 8.1. ao que se lle engadirá, a maiores, os cadros precisos que inclúan a información adicional do presente apartado xunto coa información e resultados destes; posteriormente incluíranse como anexo nas correspondentes actas da coordinación de ciclo. Así mesmo, esta información será incluída na memoria final da materia, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico.

9. Outros apartados